



*XIV congreso Partido Comunista  
de Galicia*

*Compostela, outubro 2017*



## Índice

Tese 0. Preliminar (3)

### **BLOQUE I. SITUACIÓN ACTUAL DA LOITA DE CLASES**

Tese 1. Desenvolvemento e estrutura actual do capitalismo en Galicia (8)

Tese 2. Estrutura e situación da clase traballadora no marco social e económico actual (11)

### **BLOQUE II: A LIÑA POLÍTICA DO PCG**

Tese 3. O movemento obreiro e o papel do PCG no sindicalismo (16)

Tese 4. O PCG e a loita contra o patriarcado (20)

Tese 5. Os movementos sociais (23)

Tese 6. A proposta para Galicia no marco da República Federal (24)

### **BLOQUE III: INSTRUMENTOS**

Tese 7. Como organizar ao PCG fronte aos retos actuais (27)

7.1 Construír partido, unha necesidade histórica

7.2 Avanzar nun partido autónomo e soberano

7.3 Sementar un partido de combate. o noso traballo en fronteiras de loita

7.4 Camiñando cara a segunda fase do xx congreso do pce e a conferencia de organización e finanzas

TESE 8. O PCG e a Xuventude Comunista (33)

TESE 9. Esquerda Unida e política de alianzas (34)



## TESE PRELIMINAR

Antes de abordar as teses que se debaterán neste congreso parece natural comezar presentando a situación global e a encrucillada en que nos atopamos, á maneira dun marco en que encadralas, xa que doutro xeito atopariámonos ante *un cadro sen marco*.

O marco debe comezar situándonos ante os grandes retos deste século para o conxunto da humanidade, e aínda para gran parte das formas de vida do planeta. Un século que foi chamado "o século da gran proba", porque no seu transcurso resolverase, ou será definitivamente irresoluble, a gran crise, que máis que sistémica habería que chamar total, na que xa estamos inmersos.

E non debemos esquecer que xa transcorreu unha sexta parte deste século.

Derívanse todos os problemas que se nos fan presentes das características do noso modo de vida e de produción, o que se chamou desde hai tempo "a sociedade de consumo". Non esquezamos que o consumo e o malgasto son parte consubstancial do sistema capitalista, abocado a producir cada vez máis para manter o beneficio do capital, o único motor que o mantén con vida.

Porque o sistema produtivo non atende á satisfacción das necesidades humanas, senón ao mantemento, a unha escala sempre crecente, dos beneficios do capital privado. Sen beneficio non hai investimento, sen investimento non hai produción. Sen produción non haberá consumo.

Por iso, a tarefa primordial dos partidos comunistas é espertar ao groso da poboación do soño dunha recuperación económica que, de producirse, soamente conducirá a un declive posterior aínda máis rápido. En poucas palabras, trátase de *cambiar o sentido común capitalista por un sentido común anticapitalista, isto é, comunista*.

Un argumento que xa é de dominio público é o máis que demostrado cambio climático, de consecuencias que se adoitan cualificar de imprevisibles, cando son de feito ben previsibles. E que serán dunha escala difícil de contrarrestar. Para facelo, o tempo corre en contra nosa, porque os problemas poden dispararse bruscamente, como ocorre en todos os crecementos exponenciais.

Non se poden esperar solucións do chamado "capitalismo verde", pero ben sabemos que baixo a súa capa presentarase *novas oportunidades de negocio*. Porque o capital sobrevivente sempre atopará, ata o seu final, nichos de desenvolvemento. Basta ver os argumentos sobre as novas "terras do norte" que se abrirán ao cultivo (esquecendo que, contra o que parece nalgúns planisferios, o norte estréitase progresivamente ata un punto único que é o polo), ou as novas rutas árticas de navegación.



O cambio climático é un dos grandes problemas, pero outros están xa aquí, e un deles é o esgotamento dos recursos, sendo outro o envelenamento de terras, mares e atmosfera pola súa capacidade limitada de eliminar os residuos.

A reutilización, a reciclaxe e a optimización son necesarias, pero non podemos pensar que van resolver o problema, porque as leis da Física, e en particular o funcionamento da lei de entropía en sistemas pechados (e a Terra o é a case todos os efectos) fai imposible o crecemento sen límites que necesita ese tumor maligno que é o capital, e que en aparencia e momentaneamente resolve cunha *financiarización* que disimula o non crecemento real da economía produtiva e cunha *falsa produtividade* lograda á conta da pauperización dos asalariados e a sobreexplotación da natureza.

Haberá que insistir en que xa chegamos ao máximo posible de produción de petróleo, e que pronto se chegará ao pico dos demais combustibles fósiles e do uranio, e ao pico de materiais tan necesarios como as escasas terras raras. E que o que se extrae faise cada vez con maior gasto enerxético, cando precisamente vai escaseando a enerxía.

Calculouse que, como o decrecemento se vai a producir en todo caso, un decrecemento ordenado supoñería unha redución anual de varios puntos do PIB, pero dinnos que para frear a destrución de postos de traballo son necesarios crecementos do 3 %. Algo non encaixa, e debemos poñelo de manifesto.

Porque aínda que dicir estas verdades poida ser pouco rendible politicamente no curto prazo, desanimando á clase traballadora, única en cuxas mans está, non o esquezamos, a produción, ocultar a realidade e crear falsas expectativas conducirá ao descrédito a quen o faga, e desanimará aínda máis aos potenciais axentes da imprescindible revolución que acabe co cancro capitalista.

Non debemos ocultar perigos e dificultades. A mensaxe optimista de Syriza, unida á súa falta real de radicalidade, produciu logo un choque anímico na poboación grega, e o mesmo pode ocorrer coas esquerdas deste país se non poñen en primeiro lugar un claro anticapitalismo e explican nitidamente as cousas como son.

Aínda que se puxo o acento nunha visión produtivista e desarrollista do marxismo, acentuada polos afáns da Unión Soviética por alcanzar custe o que custe aos países capitalistas avanzados, a preocupación polos límites do crecemento e a destrución ecolóxica aparece xa en moitos escritos de Marx. E aínda que non sexa moi coñecido o feito, foi Lenin quen propuxo a creación dun parque natural na rexión do Volga, posiblemente o primeiro desta natureza, para protexer o ecosistema. E é importante considerar que esta preocupación manifestábase nun dos peores momentos da guerra contra os gardas brancos de Kolchak, que xa cruzaran os Urales.

De maneira que a tradición comunista, contra o que se adoita dicir, foi moi consciente destes problemas.



Neste ano cúmprese o centenario da Revolución de Outubro, e xunto a esta anécdota conservacionista debemos destacar algúns dos logros temperáns daquel acontecemento e da historia posterior da Unión Soviética.

Porque, non o esquezamos, foi o primeiro país en conceder a igualdade de dereitos da muller, incluído o sufraxio. O primeiro, xa nos anos 20, en posuír unha sanidade pública universal, que noutros países comezou a existir só despois da segunda guerra mundial. E soamente con gobernos comunistas existiu o pleno emprego, que para os capitalistas sería unha secuela que empoderaría aos traballadores e faríalles perder as súas plusvalías. Algo parecido ao pleno emprego prodúcese unicamente en conxunturas de elevado crecemento, que xa sabemos ao que conducen.

E os dereitos laborais que avanzaron nos "trinta gloriosos", ademais de que non se concederon gratuitamente, senón á conta de duras loitas, foron recoñecidos porque existía un sistema alternativo ao capitalismo. Desaparecido este, xa non era necesario mantelos.

Isto lévanos a considerar un aspecto ao que non sempre se presta a debida atención, como é o carácter xeopolítico dos conflitos. Sen un contrapeso, a globalización capitalista domina o mundo, convertido nun continuo económico en que os Estados, que seguen sendo imprescindibles para administrar e subordinar ás poboacións, entran nunha competencia liberal que iguala as súas políticas, sometidas ao ditado do capital, que a estas alturas é ante todo o capital financeiro, e que hexemonicamente maniféstase no imperio norteamericano. Non podemos analizar ningún conflito, incluídos os nacionalistas e as "primaveras democratizadoras", sen ter en conta os intereses imperiais, que son os do capital. Nin xulgar ningunha presunta "ditadura" sen considerar se é funcional a eses intereses ou se lles opón.

Acentúase isto precisamente agora, cando os recursos escasean e se produce unha loita sen cuartel para evitar que se lles escapen das mans. Como vemos, están dispostos a destruír a calquera país que poña en risco o seu acceso ás fontes de enerxía e minerais que consideren imprescindibles.

O verdadeiro poder, que é o financeiro, cuxo exemplo maior é o complexo militar industrial dos EE.UU., goberna as estruturas dos departamentos de estado e defensa norteamericanos. Están abertos a todas as hipóteses, e poden apoiar tanto o fortalecemento dun Estado afín ás súas políticas como os movementos disgregadores cando se saia do guión establecido. O caso de España non é algo aparte. Con seguridade están moi atentos á situación actual. De aí a necesidade de ter moi en conta isto para fuxir de calquera interpretación simplista do tema catalán, e lembrar que a nosa postura foi sempre a implantación dun Estado Federal que manteña os dereitos nacionais pero evite insolidariedades que vaian en contra da igualdade real entre os cidadáns.



As loitas cotiás son a base dos movementos sociais, imprescindibles para a toma de conciencia militante, pero estes movementos, sen unha visión política correcta, convértense en sectoriais e máis que cooperar entre eles e reforzarse tenden a competir.

Como directrices xerais da nosa política deben quedar claros os seguintes principios:

- Os límites planetarios obrigarán ao decrecemento e á simplificación dos procesos produtivos e a unha economía de proximidade, sen que iso deba supoñer o abandono da tecnoloxía nin a *primitivización* da sociedade.
- O capitalismo é incompatible cunha sociedade minimamente humana, e a única saída posible no seu seo é a destrución progresiva dos máis débiles e das poboacións innecesarias para a clase dominante, nunha espiral decrecente que xa está en marcha. Os dereitos humanos deixarían de existir como tales e o capital ampararase en mecanismos fascistas, como fixo sempre que o considerou posible e necesario para os seus intereses.
- Soamente unha sociedade comunista, afastada da *lóxica do beneficio* e envorcada na *satisfacción das necesidades* pode ser, se somos realistas, unha solución para o futuro.
- Imponse unha ordenación, planificada democraticamente, do decrecemento, que non é xa máis que un feito, e unha xerarquización das necesidades, comezando por garantir a todos a satisfacción das máis básicas.
- A análise xeopolítica, nestas circunstancias, é unha necesidade para entender a situación e opoñer a lóxica dos pobos á dos poderosos. A abordaxe do problema nacional non é allea ás estratexias dos que manexan o mundo, e debe telas en conta.
- Temos que ser capaces de *facer entender todo isto á poboación*, que se non se fai consciente diso seguirá o camiño equivocado de defender o perentorio (que debe ser naturalmente defendido) sen enmarcalo no máis xeral. Porque o urxente non debe facernos abandonar o importante, que xa é tamén urxente, e moito.
- *A formación política necesaria debe comezar por nós mesmos*, porque a abandonamos moi frecuentemente, aburados pola inmediatez dos problemas e o curto das nosas organizacións, pero non esquezamos que o Manifesto Comunista decidiuse ao redor dunha mesa e logo redactárono dúas persoas, e que o Partido Comunista Chinés fundárono unhas cincuenta.

Necesitamos crecer, a partir da expansión do coñecemento do esencial, como unha necesidade ineludible, para desdobrar a nosa estrutura, polo menos en tres direccións, sen que se trate de compartimentos estancos, o que é igualmente perigoso:



- *estrutura organizativa*
- *estrutura institucional*
- *estrutura operativa, para todo o demais: acción política, instalación nos lugares de traballo, formación, divulgación e a necesaria batalla das ideas.*



## **BLOQUE I. SITUACIÓN ACTUAL DA LOITA DE CLASES**

### **TESE 1. DESENVOLVEMENTO E ESTRUTURA ACTUAL DO CAPITALISMO EN GALICIA**

Tres anos teñen transcorrido dende o XIII Congreso do Partido Comunista de Galicia, tres anos nos que o afondamento na perda de capacidade adquisitiva e dereitos da clase traballadora non teñen tocado fondo.

A crise non rematou e serviu para acelerar a desposesión propia do sistema capitalista.

O PCE ten analizado as consecuencias que para España tivo a entrada na Unión Europea, especialmente negativas no campo económico e na soberanía nacional.

No caso do plano económico, a supeditación das decisións ás institucións europeas e o desmantelamento programado dos sectores produtivos ten causado profundas modificacións na estrutura económica nas últimas décadas.

Cambios que por unha banda teñen producido o adelgazamento masivo dos sectores primarios cunha paralela dependencia das axudas europeas para a súa subsistencia.

No caso da agricultura e da gandería, primeiro a entrada no mercado común e logo a imposición do sistema de cotas traducíuse na perda de 120.000 explotacións gandeiras. Dende 2015, ano en que desaparece a cota láctea o peche acelerouse acumulando unha desaparición do 11% das granxas de vacún, sometidas á implacable liberalización dos prezos.

Por outra banda a agricultura correu semellante sorte.

A "política agraria común", a ausencia de aposta real pola agricultura de proximidade e a competencia nun mercado voraz significou a morte do agro.

A esta situación súmanse a nefasta planificación da silvicultura e o proceso de eucaliptización salvaxe, feitos detrás dos motivos de extensión é xénese dos incendios nos nosos montes, e cunha orixe que pon de manifesto o choque entre a conservación do medio e a súa riqueza co sistema capitalista.

No caso da pesca, ademais das políticas da Unión, o Goberno da Xunta intentou por medio da Lei de Acuicultura a ampla e firme liberalización da piscicultura e da explotación das nosas rías, poñendo en risco non só o medio de vida de moitas familias, se non os propios ecosistemas dos nosos fondos. Esta circunstancia, aínda que paralizada grazas á loita dos e das traballadoras do mar, permanece nos obxectivos futuros da dereita. Coma unha ameaza constante.

O abafo á pesca do cerco e a desigual aplicación das cotas pesqueiras constitúen medidas planificadas para o esquilme do noso sector do mar, destinado a un desmantelamento orquestado dende os despachos europeos.





Resumindo, un dos sectores historicamente máis importantes en Galicia, o primario, atópase nun retroceso irreversible que só dende 2009 se traduciu na perda do 21% do emprego proveniente do mesmo. Dende o anterior Congreso do PCG esa perda acentuouse representando soamente en torno ao 6% da ocupación total.

Por outra banda, o sector secundario, a nosa industria, correu paralela sorte.

Dende inicio da crise, o sector acumula unha perda de 55.000 postos de traballo. Ou o que é o mesmo: de cada catro empregos industriais, destruíuse un. Neste senso, xoga especial relevancia a deslocalización promovida por empresas medianas e grandes, os despedimentos na industria do naval e do automóbil e o peche de pequenas empresas.

Pola contra, grande parte do emprego xerado, que ademais en moitos casos é tamén estacional, atópase enmarcado no sector servizos-turismo, que vive a súa propia burbulla.

En efecto, a nivel de todo o Estado, no que levamos de ano o 12,5% de 10 millóns de contratos realizáronse no sector da hostalaría, manténdose o nivel do 2016, onde foran 2,5 millóns dos 20 millóns totais. Nesta contía cómpre termos en conta que máis da metade dos contratos duran menos de 7 días e que se incrementaron as xornadas parciais, ata chegar a un 61,7%. A patronal defende que esta contratación fixo que emerxese traballo mergullado. Isto, lonxe de ser certo, pois a informalidade mantense, sendo máis fustrigadora nos treitos legalizados: o incumprimento sistemático dos contratos asinados, iso é tamén traballo mergullado, é unha plusvalía que beneficia ao patrón, onde non só horas que foron rubricadas no contrato non se remuneran, senón que se engaden horas extras que non se pagan nin se cotizan: pura explotación no camiño da neo-escravidade.

Complétase de este xeito o camiño cara a tercerización da nosa economía. Precisamente na vía de eliminación da produción propia, da perda da soberanía e do afondamento da situación subalterna de Galicia, dentro da subalternidade de España na Unión Europea.

A destrución de emprego acompásase cunha perda progresiva de dereitos laborais, pero tamén cun incremento da temporalidade. De cada 100 empregos que se crean en Galicia, só 5,6 teñen carácter indefinido. Esta situación tradúcese en baixas cotizacións e nun estado de pauperización da clase obreira, na que xa, 1 de cada 3 traballadoras e traballadores é pobre.

Podemos, polo tanto, observar que o conflito capital-traballo sitúase nunha fase de aceleración que queda patente no progresivo incremento da proporción das rendas do capital sobre as rendas do traballo.

Polo tanto, as cifras macroeconómicas que os firmes defensores do neoliberalismo ofrecen coma suposta mostra dunha saída da crise, son unha falacia que evitan



amosar o incremento da desigualdade social e económica, e polo tanto o acentuamento do fluxo do capital ás mans da oligarquía especulativa.

No marco da crise capitalista, artellouse tamén a situación superestrutural da crise do sistema político. Evidenciada en España en dous aspectos principais, un deles, na crise do clásico sistema bipartidista vixente dende a transición, o que non implica de maneira mecánica a súa desaparición senón a súa incapacidade actual de hexemonizar politicamente a sociedade, e por outra banda, no forte apuntalamento da segunda restauración borbónica como eixo central de mantelamento e contro do poder.

Sen embargo, a crise de réxime ten as súas particularidades en Galicia. O sistema político e o reparto de responsabilidades mudou sí, pero mantense a maioría absoluta do Partido Popular na Xunta de Galicia.

Os diferentes procesos de confluencia mudaron moito o mapa municipal, situación que sendo moi positiva, padeceu as dificultades internas e as normas restritivas en canto a autonomía local, dificultando moito a conversión destes procesos en grandes avances reais dende o municipalismo.

O proceso de reacción interna dentro da confluencia, cun camiño de dereitización e imposición de valores liberais e nacionalistas, ten dificultado a existencia dunha oposición real e forte ante os partidos do Réxime.

Necesitamos formar unha ampla alianza como acumulación de forzas para alcanzar o cambio do modelo produtivo e a superación do marco político; pero non unha mera alianza conxuntural nin electoral senón unha rede social que empodere á clase traballadora, que sirva como ferramenta de resistencia e de cambio. Por iso para dar sustento ao poder popular necesitamos que a clase traballadora tome conciencia de si mesma, da súa posición social e dos seus intereses comúns, fronte ás fracturas que tentan dividila. Sen esta base de clase a unidade popular estará baleira.

O simple avance dos procesos de unidade popular non leva aparellado indefectiblemente que isto suceda. Non basta por tanto con que o PCG apoie entre bastidores os procesos de unidade popular. É absolutamente necesario que saia á escena política e actúe abertamente nela. Desde logo coa intervención decidida e organizada das súas e dos seus militantes nos conflitos sociais; pero non só con ela: para que esa intervención nos conflitos acabe producindo, non só unha conciencia política, senón unha conciencia política de clase, fai falta ademais o desenvolvemento paralelo da posición política que a referencie. Fai falta a actuación política do PCG, como tal e ante o conxunto da sociedade, como a referencia da clase traballadora na construción da unidade popular. Por tanto, é necesario que o Partido interveña decididamente e sen intermediarios defendendo os intereses xerais dos traballadores e das traballadoras en todos os aspectos concretos da política.



A crise do entramado político-institucional herdeiro da Transición ten unha faciana concreta na incapacidade do modelo de artellamento autonómico para dar resposta ás aspiracións sociais e democráticas do pobo traballador. Elemento que ten unha manifestación concreta en Galicia na forma dos incumprimentos e limitacións do actual Estatuto, especialmente palpables co paso do tempo. Desde a súa aprobación a sociedade galega ten sufrido anos de claro estancamento social polas políticas conservadoras e neoliberais nas que primou a simple xestión sobre a capacidade real da sociedade galega, moitas veces limitándose a pór en marcha as políticas da Unión Europea. Nesta conxuntura, a creba do consenso en torno ao modelo autonómico, pese a que o seu alcance en Galicia sexa relativamente menor que noutros puntos do Estado, ofrece unha oportunidade para estender e socializar a nosa alternativa republicana e federal como instrumento de resolución dos problemas de encaixe territorial existentes.

O PCG, que se situou historicamente á cabeza das loitas polas liberdades sociais e nacionais en Galicia, cunha participación decisiva na aprobación dos Estatutos de Autonomía de 1936 e 1981 (tamén na proposta elaborada por EU no infrutuoso intento de reforma de 2006), asume unha vez máis o reto de relanzar a loita organizada do pobo galego no cadro de recomposición e fisuras do réxime do 78. De cimentar as bases materiais que sitúen a Galicia como un eixo vertebral na estratexia de creba democrática.

Unha aposta estratéxica, polo tanto, que ten que asentarse sobre a realidade concreta deste país, no camiño da construción dun novo marco social e democrático para Galicia. Unha proposta que garanta os dereitos políticos, económicos e culturais para a cidadanía galega e cantas persoas vivan ou se atopen no territorio. Que dote de ferramentas para a intervención pública e o control sobre os principais sectores produtivos do país. Que blinde os dereitos laborais e sociais das capas traballadoras galegas. Que despregue as potencialidades dunha nova institucionalidade sobre as bases da plurinacionalidade e da arquitectura federal do proxecto de país que defendemos.

Un proceso de desborde popular e democrático que debe de cristalizar en novos instrumentos normativos e institucionais para o autogoberno de Galicia

## **TESE 2: ESTRUCTURA E SITUACIÓN DA CLASE TRABALLADORA NO MARCO SOCIAL E ECONÓMICO ACTUAL**

O sistema insiste en que vivimos un tempo de recuperación económica en Galicia. Estamos ante o cumio do relato de Galicia no país das marabillas iniciado por Núñez Feijóo no 2012 e perfectamente difundido por corporacións mediáticas ao servizo da dereita gobernante. E, non obstante, a realidade como vimos de describir na anterior tese, está lonxe de ser a que debuxan os xestores do capital. Vivimos as consecuencias



da regularización oligárquica, unha fase máis da acumulación por desposesión, que poden ser visibilizadas na modificación do artigo 135 da Constitución Española, na última reforma laboral, na aplicación dunha política de recortes nos servizos públicos, na aprobación da Lei Mordaza para, precisamente, frear a expresión do descontento da cidadanía a través da conflictividade.

Nos datos de paro rexistrado nunca computan a expulsión cara outras latitudes da clase traballadora galega (por moito que nos últimos tempos se dea un freo grazas á presenza de máis persoas inmigrantes). Así, no ano 2016 emigrou un total aproximado de 18.000 persoas. Se consideramos os datos de emprego dados a coñecer na enquisa de poboación activa do segundo trimestre de 2017, resulta que o paro diminuíu en 21.400 persoas con respecto ao mesmo trimestre do 2016. Agora ben, se restamos a ese dato as persoas que emigraron -por moito que non podemos considerar en bruto o número de 18.000- a realidade dos datos é moito menos exitosa do que se nos quere vender.

Neste marco xeral, a xuventude sitúase como un dos sectores máis precarizados. A taxa de paro destas franxas de idade é maior, o número de contratos indefinidos é moi inferior, e as condicións laborais son de forma xeneralizada peores. A mocidade que estuda vive unha situación de ataques ao ensino público e de devaluación dos contidos educativos, como unha estratexia para formar man de obra menos preparada e que poida inserirse nun mundo laboral altamente precarizado e terciarizado. Estas políticas veñen a darlle unha saída á sobrecualificación existente na sociedade, tanto galega como do estado. No eido laboral, nos últimos anos tivo lugar un proceso de naturalización da explotación máis salvaxe dende diferentes eixos. O establecemento das prácticas gratuítas como un proceso natural na inserción do mundo laboral, dándose situacións de apropiación absoluta do traballo, baixo a escusa dunha desvaloración do traballo das mozas e dos mozos. A temporalidade é un trazo común á maioría da xuventude galega, xerando unha incertidume vital que imposibilita a emancipación. Esta temporalidade está moi vinculada á terciarización, ao ser moitos dos empregos temporais xerados vinculados á hostalaría en épocas estivais ou a sectores dependentes directamente do turismo. Por outro lado, o incumprimento dos contratos é outro fenómeno naturalizado, que se materializa en cuestións como: as horas extras non pagadas, o cobro en negro, contratos en calidade de postos de menor salario ao real, ou a negación de dereitos laborais básicos. En xeral, podemos dicir que a mocidade é o sector onde máis se agudiza o asentamento da precariedade como eixo estrutural do capitalismo español, sendo a día de hoxe imposible a construción dun proxecto vital digno na nosa terra.

Outro feito moi preocupante é a elevada contía de mozos e mozas de entre 16 e 29 anos que non acceden a un emprego nin a estudos regrados. De feito, España sitúase nunha década (2006-2016) coma o segundo país de Europa no que máis medrou este feito negativo, pasando do 13,2% ao 22,8%, 1 de cada 5 mozos e mozas. Trátase de números perigosos, xa que se unen á taxa do 26% de paro nesta mesma franxa. En



Galicia, a mocidade que non se atopa traballando nin estudando representa a case 50.000 persoas.

Son as mulleres de clase obreira quen están a padecer unhas condicións de vida insustentables, o empobrecemento e a violencia do patriarcado son as súas causas. A recesión económica capitalista trouxo a represión de dereitos aos grupos máis desfavorecidos, nas mulleres agrávase polas condicións de desigualdade das que partiamos. Os recortes de servizos públicos relacionados co coidado e atención ás persoas, en educación, sanidade pública, a baixada de salarios e a perda de emprego socavaron sobre todo os dereitos e condicións de vida das mulleres con responsabilidades familiares, das migrantes, das novas e das maiores de 65 anos. A feminización da pobreza non é algo excepcional senón que é unha realidade cotiá de moitas mulleres.

O patriarcado está a fortalecerse xunto ás políticas neoliberais. O patriarcado sempre estivo xunto ao capitalismo como alicerces dun mesmo sistema, que ten sen dúbida un dos seus mellores apoios na Igrexa.

A nivel práctico vémosto na nosa relación no mundo laboral. As mulleres galegas, do mesmo xeito que as do resto do Estado, posuímos unha taxa de actividade inferior á masculina, os contratos a tempo parcial son masivamente asinados por mulleres sen ter poder de elección, a taxas de temporalidade son altísimas e as traballadoras pobres son un 20% do total de asalariadas. A fenda salarial séguese incrementando chegando a cobrar dun 24% a un 35% menos. A nivel rural esta situación agudízase máis pola falta do recoñecemento de dereitos xa adquiridos a nivel social. A loita pola titularidade compartida a pesares de ser aprobada polo Parlamento de Galicia en 2011 ( Lei 35/2011) parte de que as mulleres desenvolven o traballo agrícola como axuda, coas consecuencias que isto pode ter ao non recoñecerse desde o punto de vista do dereito laboral. As mulleres do ámbito rural seguen sometidas ao mito do matriarcado estendido ao longo do século pasado. Mito que reserva á muller galega a unha posición secundaria envolta nun halo de poder e mando ficticio, que no fondo mantén e perpetúa as desigualdades que está a sufrir..

O capitalismo sitúa ás mulleres na pobreza aínda tendo emprego. Nada mellorou a vida das mulleres deste país. Nin a aplicación dunha mala lei como a Lei de dependencia, que xa non é que non conseguise a independencia da muller, xa que non partía da igualdade, senón que resultou fraudulenta en moitos casos. Moi ao contrario ao ser privatizada contribuíu á reclusión das mulleres para realizar eses coidados e/ou á precarización das traballadoras. Tampouco se mellorou a través dos servizos públicos destinados ao coidado infantil, a sanidade e a educación pública. Moi ao contrario os recortes xeraron un empeoramento na vida das mulleres.

En resumo, os colectivos máis precarizados son: a mocidade (incapaz de emanciparse), maiores de 45 anos...e de 55 anos (case imposible o retorno ao mundo laboral; acceso a pensións non contributivas que lastran a xubilación e a súa calidade de vida), toda a



problemática do colectivo de persoas que desenvolven o seu traballo de forma autónoma (ou falsamente autónoma) e unha crecente e imparable feminización da pobreza...sen que poidamos esquecer a unha bolsa de persoas migrantes ás que se prefire ter en situación irregular para nutrir a economía mergullada.

No tocante ao emprego de galegas e galegos, a xerga e a publicidade orquestrada ao redor da figura do emprendedor explicaría o incremento dos negocios unipersoais. Negocios que non contaron cun estudo de viabilidade serio, nin con axudas estruturais, polo que, o 80% ao cabo dun par de anos vese na obriga de pechar. As políticas de incentivos económicos da Xunta de Galicia non son estruturais: son unicamente lanzadeiras ás que, ademais, non poden concorrer as persoas dos negocios unipersoais, xa que o capital que se solicita é elevado ao realizarse desde un parámetro que homoxeneiza o amplo espectro da microempresa. Resulta evidente que unha microempresa de 9 persoas traballadoras ten unhas dinámicas distintas a un negocio unipersoal. A Xunta camiña cega e lanza ás áreas da competitividade máis salvaxe a empresas contra persoas autónomas. Esa é a realidade.

O 96,3 % do tecido empresarial actual está integrado por microempresas, cuxa fisionomía cuantitativa segundo a contabilidade do sistema chega ás 9 persoas como tope. Se desglosamos os datos temos que son 191.588 microempresas as que hai en Galicia. Delas, 6.835 teñen entre 6 e 9 persoas traballadoras. Son 18.334 as que contan entre 3 e 5 persoas. 58.247 teñen entre 1 e 2 persoas traballadoras. 108.134 non contan con ningunha persoa empregada. É o que noutros países é identificado como autoemprego. Aquí son as persoas que desenvolven o seu traballo como autónomas e que abren un negocio para, basicamente, subsistir en medio dunha dinámica que as priva de dereitos laborais básicos e dunha parafernalia burocrática que lastra as posibilidades de dinamismo.

Isto dá unha imaxe da clase traballadora galega que perde, precisamente, o elo esencial da relación dialéctica co capital, a negociación sobre as condicións laborais (xornada, vacacións...) e salariais. E sen ese salario, a pesar da degradación que instalou a reforma laboral, é imposible a intermediación sindical real e a reivindicación de mellores condicións de traballo. Se temos en conta que a maior parte das persoas autónomas con negocio unipersoal ten máis de 55 anos, resulta evidente que obedece a unha expulsión da condición de asalariada, a unha permanencia máis ou menos acusada en situación de desemprego, e a unha capitalización do paro para montar, de maneira ás veces desesperada, un negocio unipersoal.

Dentro da actual estratexia da patronal está a elevada contía de persoas que desenvolven un traballo para unha empresa como referente, mais que non contan como asalariadas pois esa empresa obriga á persoa traballadora a darse de alta como autónoma. Esta tipoloxía do falso autónomo supón, no fondo, unha fraude, xa que furta á caixa común da seguridade social cotizacións, amais de representar para as persoas traballadoras un ataque aos seus dereitos laborais. Son a nivel de Estado 562 millóns de



euros cada ano os que non entran nas arcas públicas. Unhas 210.000 persoas traballadoras.

A tercerización xera un emprego conxuntural que non repousa en piares estruturais, pois o sector do turismo depende sempre de condicionantes que van máis aló da vontade dos xestores. Isto fai que sexa factible un estoupido e un repunte dos datos do paro e da emigración.

O sistema converte en estrutural dentro do mercado do traballo a temporalidade/precariedade extremas, de tal forma, que se nos cinguimos aos datos que se coñeceron do sector da hostalaría, hai unha bolsa de 1,6 millóns de persoas que traballan mediante contratación por horas.

En síntese, asistimos a un empobrecemento total da clase traballadora...na modalidade contractual (precario, temporal e inestable: máis do 94%), no salario (decrecente e escaso: 15% traballador/a pobre) e no tipo de relación que se establece coa patronal (os falsos autónomos). Nun contexto social en que hai máis de 700.000 persoas vivindo en risco de exclusión social.

Esta situación repítese co complemento salarial que representaban os servizos públicos básicos: hoxe hai que gastar cada vez máis para acceder a educación, á sanidade e ós servizos sociais. A súa degradación e privatización contribúe ao proceso estrutural de empobrecemento da clase traballadora. E o mesmo podemos dicir do feito de que o 85% do esforzo fiscal recaía sobre as rendas do traballo.

Ademais, non podemos esquecer que a clase traballadora bebe da memoria histórica das loitas obreiras, das demandas e reivindicacións. Pasaron 100 anos desde a Revolución de Outubro, que tivo como primeiro día inolvidable a celebración do Día da Muller, cando 90.000 obreiros e obreiras en paro, co berro "Queremos pan!", obrigaron ao zar Nicolás II a abdicar. Ese berro ten hoxe a mesma vixencia, como se pode ver nas Marchas da Dignidade e no lema de "Pan, Traballo e Teito".

O Partido Comunista de Galicia ten que recuperar a hexemonía perdida entre a clase traballadora. É necesario non só para a nosa propia supervivencia, senón para a da propia clase traballadora hoxe sometida a un proceso de expulsión e por iso, como di Jeff Halper, o capital, polo de agora, pode permitirse ter unha humanidade excedentaria, que non produce nada máis aló do nivel de subsistencia, nin será consumidora. E, paradoxo brutal, esa mesma humanidade excedentaria, expulsada ás marxes da sociedade, ten interiorizado o modo de vida capitalista, ao mesmo tempo que interioriza o discurso vitimista que converte en 'culpable' a ese OUTRO irmán que viría para 'roubarnos' o traballo. Por iso, non sorprende que os partidos de dereita e extrema dereita se sustenten en apoios importantes da clase traballadora.

O principal reto que nos atopamos é a busca da unidade das loitas dos e das traballadoras precarizadas e dos e das traballadoras con mellores condicións laborais.



Por unha banda, debemos combater as constantes acusacións por parte das organizacións de clase da burguesía, que tachan de "privilexiados" a calquera sector que non sufrira unha precarización forte. De forma paralela, tamén rebater as concepcións próximas ao que tradicionalmente se concebiu como "aristocracia obreira", que contribúe á división da clase traballadora establecendo un discurso individualista e corporativo. Por último, debemos contribuír á solidariedade dos traballadores non precarizados cos sectores precarizados, estreitando os lazos e a interconexión de ambos e creando unha nova concepción do suxeito revolucionario ao redor das loitas concretas e a organización de base.

É necesario que reconstruamos a unidade no concreto, nos mesmos centros de traballo, en alianza co sindicalismo de clase, con instrumentos de intervención que amosen que os problemas son comúns e tamén o son as solucións. As loitas non deben ser utilizadas como plataformas electorais, nin como loitas illadas e sectoriais. Pola contra, deben de orientarse pedagoxicamente para conseguir elevar a conciencia da clase traballadora a nivel político fronte ao capitalismo. Debemos crear solidariedade entre os distintos sectores en loita, favorecendo o coñecemento e recoñecemento das e dos militantes do partido que estean intervindo no conflito e creando pola base redes de solidariedade e cooperación.

O PCG ten que ser valente e non caer en discursos posibilistas nin electoralistas no tocante a ese OUTRO e ten que atraer a súa atención tamén nesa humanidade excedentaria, expulsada.

## **BLOQUE II: A LIÑA POLÍTICA DO PCG**

### **TESE 3. O MOVEMENTO OBREIRO E O PAPEL DO PCG NO SINDICALISMO**

Nos últimos 20 anos o capital ten mudado de xeito decidido e case íntegro a organización empresarial cara a máxima obtención de beneficios; tales medidas seguen hoxe en día acrecentándose en tódolos ámbitos, resultando especialmente agresivas no que atinxe ás condicións laborais en canto a estabilidade, temporalidade ou parcialidade, e ás relacións entre as patronais e a clase obreira, a través do traballo sindical e a negociación colectiva.

Isto prodúcese como consecuencia das reformas lexislativas e constitucionais levadas a cabo polos diferentes gobernos do PSOE e do PP, en coherencia coas pretensións das grandes empresas, reformas que desembocaron na profundización da precariedade, e na consolidación dun modelo de relacións laborais baseado no individualismo, na aniquilación das ferramentas de negociación colectiva e enfocadas cara á fragmentación da clase obreira.

Isto vense exemplificando xa desde a aparición das ETT'S, substituídas a día de hoxe por





empresas multiservizos, en moitos casos de moi recente creación, froito dunha transformación de actividade empresarial, con frecuencia a cargo de grandes empresas dedicadas á construción que viron a súa fonte de beneficio esgotada no momento da “crise do ladrillo”.

Agora temos empresas que operan dentro doutras empresas, nas que historicamente se contaba con grandes cadros de persoal que daban grandes comités de empresa e, polo tanto, capacidade de loita sindical, a día de hoxe mermada precisamente por esa fragmentación da clase obreira dentro do propio centro de traballo, onde a acción sindical conxunta resulta moi complexa senón imposible. Esta realidade, no caso de Galicia, cobra gran relevancia, posto que historicamente existen grandes empresas ao redor do sector industrial como a dos estaleiros, a da automoción, ou mesmo relacionadas co sector da agroalimentación, da que dependen miles de traballadoras e traballadores que sufriron unha gran precarización ao longo dos últimos anos, sendo estas mesmas as que historicamente tiñan acadado melloras laborais precisamente froito desa forte acción sindical.

A situación de descrédito na que se atopan os sindicatos na actualidade non se pode atribuír nun 100% ás agresións por parte do capital, sendo o papel dos sindicatos de clase na última década (na cal tamén se levaron a cabo dúas reformas laborais) unha figura incapaz de focalizar a loita sindical dun xeito útil para a clase obreira, papel que propiciou un descrédito xeralizado na sociedade, e aumentado exponencialmente polo propio capital, utilizando medios de desinformación para, aínda máis, danar a percepción social dos sindicatos por parte da clase obreira e a sociedade en xeral.

Alén disto pero na mesma liña, os sindicatos de clase, en certos momentos relevantes nos últimos anos, pareceron non ser quen de ler dun xeito real o tempo político e social, quedando nun segundo plano en momentos que resultaron oportunidades históricas cara a unha hexemonía ideolóxica que outros si que foron capaces de aproveitar, permanecendo nese segundo plano en momentos como foron as Marchas da Dignidade ou mesmo outras plataformas onde participan MMSS e mesmo partidos políticos, tanto como organización como a través da participación a nivel persoal, se ben estas plataformas tampouco foron quen de canalizar de xeito efectivo as loitas coas que xurdiron, evidenciando a necesidade da converxencia na loita a hora de resultar efectiva.

O aumento das loitas laborais, dirixidas polos sindicatos de clase salvo escasas excepcións, expresan a falacia da recuperación económica defendida polo goberno do PP, en tanto que se dan en sectores precarizados que teñen que loitar fronte ao empeoramento das condicións de traballo e os salarios, ou en sectores que aínda manteñen dereitos e garantías e que loitan para non ser precarizados.

Esta crecente realidade mostra a inutilidade práctica dos acordos xerais alcanzados mediante o “diálogo social” para solucionar os problemas que afronta o conxunto da clase traballadora. É por iso, que estas loitas de sector ou empresa danse de forma



dispersa e desigual, en tanto que non entroncan cunha estratexia xeral de transformación.

Aínda que vimos observando un aumento da vinculación e solidariedade entre as diferentes empresas e sectores en loita, lazos que xorden á calor da loita e do aumento da conciencia de clase que xenera.

Os sindicatos de clase con maior implantación e que dirixen a maior parte das loitas laborais non forman parte organicamente da principal plataforma de unidade popular e ruptura democrática polas súas posicións xerais, pasadas e presentes, a favor do mantemento ou reforma do réxime, e polos intereses particulares dos sindicatos presentes nas Marchas, aínda que as estruturas e comités de empresa de CCOO máis implicados nas loitas sí participan das mesmas.

Os sindicatos que sí forman parte organicamente do movemento de unidade popular non teñen capacidade nin presenza dabondo para vincular ao conxunto da clase traballadora galega, polo menos ás súas capas máis organizadas, ao mesmo. Isto xera un paradoxo no que quen poden non queren e quen queren non poden, algo que constitúe un problema que afecta ao conxunto da estratexia: a incapacidade das Marchas para chegar ao conxunto da clase traballadora.

É un asunto cardinal que debe ser abordado polo PCE e polo PCG no seu Congreso en tanto que o sindicato é a ferramenta principal para organizar o conflito de clase na súa dimensión económica, a partir do cal xerar a conciencia e loita política da clase traballadora.

### **O PCG no sindicato**

O papel da militancia do PCG no sindicalismo constitúe un alicerce fundamental no proceso de concienciación da clase obreira cara a superación do capitalismo e a construción dunha sociedade socialista, polo que o PCG apostará polo reforzo do carácter socio político, reivindicativo, e capaz de representar á pluralidade da clase obreira do sindicato.

Máis que centrar o debate sobre a referencialidade con respecto a CCOO, feito que compete no seu caso ao PCE, debemos centrar o debate no papel das e dos comunistas no eido das loitas sindicais.

O PCG, na súa aposta consciente polos sindicatos de clase- forma principal e máis directa de estar presente nos centros de traballo e situarse no conflito- e sentíndose referenciado histórica e politicamente co Sindicato Nacional das CCOO de Galicia, promoverá un plan de traballo dirixido á militancia sindicada en CCOO, co obxecto de relanzar a combatividade do sindicato nas súas loitas cotiás, partindo do seu rearmamento ideolóxico, e de incorporalo ao bloque de poder popular e aos seus espazos organizados e ás súas mobilizacións, formulación que coincide no interno do



sindicato con moita da súa militancia.

É tarefa dos e das comunistas analizar a realidade da clase obreira en tódolos eidos para poder dar resposta adecuada a cada conflito e a cada conxuntura socioeconómica. Do mesmo xeito, temos que artellar cal é o papel que ten que ter o Partido con respecto ao principal instrumento da clase obreira, o sindicato, tanto no organizativo como no ideolóxico, porque cremos firmemente que son complementarios.

O papel da militancia no sindicato debe ser fundamentalmente de traballo directo no conflito e cos traballadores e traballadoras, na realidade diaria da clase obreira como parte da mesma que é. Para acadar este obxectivo debemos establecer unhas tarefas e sinalar claramente como levalas adiante dende o punto de vista orgánico. As tarefas a realizar son::

- Análise da realidade concreta dos conflitos en cada comarca ou localidade, sector ou empresa para a mellor actuación dos/as camaradas
- Potenciar e apoiar de forma decidida ás e ós comunistas que participan nos sindicatos, nos seus órganos e nos comités de empresa, de xeito que o Partido aporte o contido político e a acción sindical concreta.
- Traballar pola activación das bases dos sindicatos, activar a nosa militancia nas asembleas de sector, centro de traballo e nos debates congresuais
- Recuperar o carácter combativo do sindicato como forma de activación do conflito de maneira eficaz.

Para conquistar o obxectivo e realizar estas tarefas, tódolos niveis organizativos do PCG potenciarán de forma prioritaria as secretarías do mundo do traballo como espazo de traballo sindical dos e das comunistas, como coordinadoras das tarefas e como lugar para construír un marco de referencia para a clase obreira.

Dende o CC:

- Emitiranse posicionamentos e indicacións sobre espazos sindicais e/ou conflitos a nivel galego para a adaptación das comarcas.
- Remitirase tamén aos órganos inferiores un boletín con información sobre conflitos noutras comarcas, útil á hora de organizar o conflito noutra localidade.
- Cómpre analizar máis detidamente a situación actual dos cadros do Partido dentro do sindicato: temos poucos cadros e illados, descoordinados, mais potencialidade e capacidade de facer una mellor intervención. É necesario crear un espazo interno de coordinación (unha comisión de cadros sindicais) no que tamén participe a Xuventude Comunista.



#### **TESE 4: O PCG E A LOITA CONTRA O PATRIARCADO**

A loita do feminismo en Galicia a principios deste século entronca co movemento antiglobalización, desenvolvéndose a través da Marcha Mundial das Mulleres nunha actividade conxunta de asociacións de mulleres, organizacións políticas, sindicatos e mulleres a título individual. Movemento que se desenvolvía máis aló das nosas fronteiras loitando pola igualdade de dereitos das mulleres a nivel económico, político, cultural e social, a nivel mundial. As reivindicacións deste movemento partían, do mesmo xeito que o pensamento antiglobalización, do pensamento global e a actuación local para levar as políticas feministas a todos os recunchos. Do mesmo xeito que noutros territorios esas mobilizacións e o discurso perderon o seu carácter radical primixenio para converterse en meras citas internacionais, importantes pero xa pouco influentes.

Nestes primeiros anos dáse un certo estancamento da loita feminista no seu sentido máis radical, centrándose no empoderamento das mulleres a nivel político, económico, social, etc; pero sen facer unha crítica ao sistema capitalista senón dentro deste. Poderíamos dicir que ao feminismo máis burgués chegáballe con reformar as institucións para conseguir desde ese ámbito a igualdade.

A loita das mulleres pola súa incorporación ao traballo asalariado, desde os anos 70, creuse como paso indispensable para a igualdade. En cambio, as mulleres entramos ao sistema produtivo en peores condicións que os homes, que xa son malas de por si, realizando dobres xornadas como reprodutoras encargadas dos coidados e como produtoras engordando o exército subalterno, man de obra barata no mercado. Ben é certo que xa se viña denunciando esta situación que padecíamos as mulleres que nos abocaba a dobres xornadas, baseadas na división sexual do traballo, pero non se profundaba nunha análise de clase e a igualdade non chegaba con esa incorporación ao mundo laboral de forma precaria e desigual ao servizo da acumulación do capital.

Instauradas nunha democracia formal o único que obtiñamos era unha igualdade formal. É a partir do estoupido da crise de 2008 que isto se fai aínda máis patente, evidenciando que as mulleres son as máis afectadas polas políticas de austeridade que os distintos gobernos están a realizar. A esta situación o feminismo burgués non soubo dar unha primeira repostada instauradas nunha análise ideolóxica de dominación patriarcal, mentres que as mulleres comunistas cunha análise da estrutura económica puxemos o punto de mira na contradición capital/traballo e capital/vida.

Do mesmo xeito o sistema capitalista a través das súas políticas neoliberais puxo en marcha unha serie de medidas en forma de lei que atacan o benestar e a loita pola igualdade das mulleres. Outros sectores altamente precarizados e excluídos son as minorías como a etnia xitana ou as persoas con diversidade funcional, que sofren altísimas porcentaxes de desemprego, exclusión social e precariedade, estando ademais especialmente invisibilizadas.

A LOMCE en educación, unha lei discriminatoria, clasista, adoctrinadora e segregadora



que non contempla a coeducación nin o acceso da clase traballadora a todos os segmentos educativos de maneira gratuíta. E doutra banda a Lei de Bases de Réxime Local que somete a prestación de servizos públicos por parte dos concellos ao dogma económico. Educación e servizos públicos son a base para crear unha sociedade en igualdade.

Toda esta situación de recortes fixéronnos ás mulleres máis dependentes e precarias, motivando nunha situación de crise e autonomía adquirida o aumento da violencia cara nós. Ben é certo que a Lei contra a Violencia de Xénero non tivo o impacto que se esperaba polas súas carencias, pero tampouco medidas posteriores conseguiron acabar con esta lacra. O sistema enarbora bandeiras contra a violencia machista pero a realidade é que cada ano cóntanse por decenas as vítimas mulleres, nenas e nenos.

A violencia contra as mulleres é unha violencia estrutural. A violencia machista dáse en todos os ámbitos, tanto na esfera pública como na privada. Polo tanto, un pacto de estado contra as violencias machistas non é viable con quen a exerce. Os intereses non son os mesmos. Este sistema neoliberal que fixo a súa alianza co sistema patriarcal quere ás mulleres na precariedade. Quéreas asumindo o traballo de coidados que o estado non garante e do que os homes non se corresponsabilizan. Quéreas sendo o exército de reserva de man de obra barata. Ás proletarias deste século quéreas simplemente como obxecto de consumo, levándoas a situacións de extrema vulnerabilidade, que as aboca á mercantilización dos seus corpos.

Por iso un pacto de estado non é outra cousa que o intento demagóxico de acalar malas consciencias, neste sentido temos que ter claro que a loita contra a violencia machista forma parte da loita por unha sociedade máis xusta e igualitaria, por unha sociedade socialista.

Neste sentido o PCG temos que sumar e tecer redes, nunha gran ofensiva contra o patriarcado e contra as políticas que agreden e someten ás mulleres a unha vida indigna. Contra a violencia estrutural, que é a causante da espiral de violencias machistas nas que se ven inmersas a maioría de mulleres na nosa sociedade.

O capitalismo tenta dominar os nosos corpos, pois producen man de obra e sométennos a través da violencia patriarcal que se manifesta atacando o dereito fundamental da muller como é o de decidir sobre a súa maternidade. Non só queren dominar o noso corpo senón mercantilizalo a través da regularización da prostitución e os úteros de aluguer. É a feminización da pobreza unha das causas que nos aboca como suxeitos empobrecidos e vulnerables a caer neste tipo de violencia.

Ante esta situación e ante o intento de normalizar estas situacións de mercantilizar o corpo das mulleres, non debemos obviar que existe un pacto entre patriarcado e capitalismo. Que o patriarcado se reinventa do mesmo xeito que o fai o capitalismo, retroaliméntanse o un ao outro, de aí o feminismo postmoderno, que enarborando a bandeira da igualdade do feminismo imponnos o machismo para seguir imperando na



sociedade.

Creemos que a mellor forma de avanzar situándoa como unha das prioridades do conxunto do PCG é poñer a nosa ideoloxía feminista en valor cun discurso político que poña no centro das loitas do Partido ás mulleres de clase traballadora, porque son as que son susceptibles de ser explotadas, sometidas e mercantilizadas.

Desde esta postura de clase confrontamos co feminismo postmoderno que ampara a regulación da prostitución, dos úteros de aluguer, a pornografía ou a custodia compartida por imposición. O feminismo postmoderno basea a súa argumentación en defensa da prostitución, a "xestación subrogada", etc... nunha suposta defensa da liberdade sexual, fronte ás nosas posicións que venden como moxigatas e moralistas.

Para que as posicións do feminismo de clase poidan avanzar neste contexto da loita ideolóxica é fundamental sinalar que a defensa da liberdade de comercio co propio corpo non é liberdade máis que para os compradores, quen paga manda, aínda que sexa no mercado laboral, e que por tanto a loita pola liberación sexual pasa por abolir toda forma de comercio que transforme o corpo humano en mercadoría.

Desde o PCG apostamos por seguir traballando na loita contra o patriarcado, desde o Feminismo de clase fronte ao feminismo postmoderno que mantén o dominio do patriarcado sobre as mulleres e o feminismo burgués que non pretende transformar o sistema capitalista. O feminismo que defendemos no PCG é aquel que desde unha perspectiva de clase pon en valor como afectan as contradicións capital/traballo e capital/ vida á muller, fronte a análise e propostas que só contemplan a parte superestrutural da dominación patriarcal.

Sabemos que as mulleres de clase obreira son quen padecen unhas condicións de vida insustentables cando o seu empobrecemento se ve agravado pola violencia que o patriarcado lles reserva. E tamén somos conscientes de que son outros moitos os condicionamentos que dificultan o seu desenvolvemento vital, que merman as súas expectativas e que as sitúan en posicións de maior desvantaxe. Teremos unha análise máis certa da realidade social das mulleres se nos dotamos dunha perspectiva que contemple as diferentes interseccións que se atopan co xénero e a clase.

Conscientes de que vivimos nunha sociedade machista sabemos que todas as organizacións, incluída a nosa, teñen formas organizativas machistas. Por iso, para avanzar contra o patriarcado é necesario transformar tanto o interior do Partido como a realidade que nos rodea.

Debemos aceptar que temos prácticas machistas en primeiro lugar para poder formar unha organización realmente feminista. Polo contrario, non avanzaremos se no interior do PCG quedamos coa posición formal e non materializamos o formal nun feminismo real no seo do Partido. Por esta razón teremos que traballar ao mesmo tempo no interno do PCG e na proxección externa.



Para transformar o interno, primeiro, debemos ter tolerancia cero a calquera actitude machista que se poida dar no seo do Partido, tomando as medidas políticas, organizativas e estatutarias para alcanzar este obxectivo.

No interno son necesarios espazos propios para as mulleres, nos que se poidan establecer as bases da política feminista do Partido. Sendo as mulleres quen sofren máis gravemente o sistema patriarcal, deben ser quen deban expor como se aplica a política do Partido en relación coa loita contra o patriarcado que debe ser respectada, apoiada e enriquecida co posterior debate no conxunto do partido. É importante en primeiro lugar a formación e o debate interno para que toda a nosa militancia asuma de maneira consciente as nosas posicións e sexan capaces de defendelas.

Cara ao exterior, para transformar a sociedade é fundamental a educación, neste sentido, debemos incidir na transformación do sistema educativo para cambiar a mentalidade da poboación en materia de igualdade de xénero. O PCG debe reivindicar unha sociedade garantista en coeducación que vaia desde a formación docente, o currículo escolar, a linguaxe, os libros de texto, a literatura, a música, os medios de comunicación, a publicidade, ás mobilizacións e protestas que son importantes para facer visible á cidadanía as situacións de inxustiza e discriminación sexista.

Así mesmo debemos implicarnos na transformación ou creación dunha sociedade nova onde se dea a igualdade real e todas estas medidas para alcanzala cobren sentido e non sexan pequenas reformas que maquillan a vida das mulleres para acougar certas consciencias pero non a transforman en profundidade.

Para avanzar cara estes obxectivos, compre dunha estratexia clarificada de intervención na pluralidade de espazos de loita feminista. Nunha conxuntura marcada pola reconfiguración do movemento feminista galego nos últimos anos, co xurdimento de novas experiencias unitarias, tanto estábeis como puntuais, así como a extensión do feminismo a novos ámbitos da organización social, urxe articular unha liña política sobre a máxima da unidade do movemento.

## **TESE 5. OS MOVEMENTOS SOCIAIS**

Durante estes anos de crise-estafa e de falaz recuperación, adquiriu un protagonismo cada vez maior a aparición de movementos sociais sectoriais, as chamadas 'mareas'. A Marea Branca da sanidade ou a Marea Verde da Educación son boa mostra do que José Daniel Lacalle denomina prototipo do conflito laboral do século XXI. Caracterízanse por unha actuación de defensa dos servizos públicos que mestura accións dentro (folgas e paros) e fóra (concentracións, marchas, manifestacións, reivindicacións ante as institucións representativas e xudiciais). Son heteroxéneas na súa conformación pois incorporan a organizacións sindicais de clase e sectoriais, a axentes



políticos, e á cidadanía activa. Comparten un ideario de base común cuxos obxectivos e fins son definidos conxuntamente.

Mais son tamén movementos sociais que defenden a colectivos cidadáns empobrecidos polas políticas austericidas: Plataforma de Afectados pola Hipoteca, Marchas da Dignidade, Rodea o Congreso/Rodea o Parlamento, MODEPEN, Foro Galego de Inmigración, Atención ao Refuxiado, Marcha Mundial das Mulleres,....

Nalgún destes movementos sociais estase instalando unha especie de xenreira ás organizacións políticas digamos que tradicionais que non beneficia en nada o traballo colectivo que require a inxente tarefa de crear hexemonía nas rúas para abordar o cambio desde as institucións.

E non obstante, se se quere ter algunha oportunidade real fronte á dereita tecnocrática ultraliberal de Feijóo hai que variar a tendencia negativa. Cómpre redimensionar as condicións de traballo para acadar unha confluencia que debe ser social e política ao mesmo tempo, mais que debe ser respectuosa coas diferentes partes integrantes. Porque, de non facerse, córrese o risco, dalgunha forma xa existente, de que a maioría social acepte, con resignación, as condicións que lles ofrece esta "recuperación" oligárquica. O PCG ten que estar nos movementos sociais. Ten que ter voz e dar traslado do ideario de loita de clases. Participar para transformar. Para construír a alternativa de esquerdas con protagonismo da militancia .

## **TESE 6. A PROPOSTA PARA GALICIA NO MARCO DA REPÚBLICA FEDERAL**

Nós últimos anos o debate da cuestión nacional en Galicia e no resto do estado por "esixencias do guión do sistema capitalista" circunscríbese exclusivamente a cuestión territorial e competencial, furtando de xeito deliberado a necesidade de artellar o debate da cuestión nacional e do modelo de estado dende a visión da necesidade dun espazo de ruptura que non pasa exclusivamente pola recomposición territorial, aínda que tamén, e si pola necesidade de confrontar ruptura con reforma como teorizábamos na primeira fase do XX Congreso do PCE. De nada serviría un estado galego gobernado por Feijoo e as súas políticas nacido dun acordo institucional ou dun reto permanente co estado central ou mesmo gañado pola vía da forza se os suxeitos e actores que o lideran non acreditan na ruptura do sistema capitalista e as súas estruturas de poder.

É bo nestes momentos lembrar o que viñemos defendendo desde hai tempo no PCG e no PCE, no sentido de que cada vez é máis evidente que o que se veu a chamar Réxime do 78 está esgotado, que xa non lle serve á clase dominante e que a propia Constitución que lle deu soporte vénlles grande, da mesma maneira que a Galicia, ao resto das nación do estado e tamén ás clases traballadoras de todos os territorios do estado español está quedando pequena.





Por desgracia, a pesar de que o discurso no que o PCG participamos a construír en Galicia dende 2011 tiña un contido esencialmente baseado na necesidade de artellar un amplo proceso político de quebra democrática, os sucesivos debates pre e post electorais tinxidos de certo oportunismo electoral dos nosos socios electorais, postergou este discurso e non permitiu o seu desenvolvemento táctico e político. O tempo da razón ao noso Partido en que deberíamos manter o discurso de ruptura para non defraudar a grandes capas populares do noso país.

A cuestión que temos que expornos é se este proceso realizárase dentro dos límites que impoña o sistema ou se somos capaces de rompelo e expor un proceso Constituínte que supoña unha ruptura coa situación económica, social e institucional que sustentou ao sistema monárquico desde 1978. Trátase de ser capaces de gañar a hexemonía para a idea de que soamente rompendo co actual sistema é posible unha saída social, xusta e democrática da crise e romper co esquema de que é posible un proceso pactado e consensado de reforma do actual marco social, político e institucional.

As forzas do sistema levan varios anos tentando artellar unha nova etapa da monarquía e do estado desde a necesidade de institucionalizar as reformas e recortes de dereitos e liberdades que se levaron a cabo desde 2010, no marco das políticas de austeridade mandatadas pola Troika, para consolidar a Europa do Euro. Ao mesmo tempo están a defender un novo Modelo de Estado, baseado nunha recentralización que peche o paso a calquera posibilidade de exercer o dereito á autodeterminación e evitar así calquera posibilidade recoñecemento institucional da realidade Plurinacional, Multicultural e Plurilingüística do Estado, para asegurar ao capital internacional e as súas sucursais nacionais o dominio da economía.

A Reforma Constitucional que se prepara, terá finalmente como complemento fundamental e indispensable a redacción dunha nova lei electoral, que predetermine un novo sistema de Partidos que impida a posibilidade de que forzas políticas de carácter rupturista poidan influír e ser determinantes.

Para o PCG Galicia ten que xogar un papel determinante no proceso que pode configurarse como alternativo a este marco que queren impoñer; e que non é outro que o establecemento dunha República Democrática, Federal e Republicana coas seguintes consideracións:

- Galicia, libre e soberanamente terá a capacidade de integrarse ou non neste modo modelo de país co artellamento de medidas decisorias democráticas e que xurdan froito dos grandes consensos das capas populares do país. A construción dun estado federal e plurinacional terá que facerse sobre a voluntariedade dos pobos de do estado español. Estamos a falar dunha forma de Estado que garanta e blinde os dereitos sociais dos traballadores e traballadoras, á vez que protexa os dereitos nacionais, incluídos o dereito á



autodeterminación e que ensanche a participación cidadá. A necesidade dunha profunda radicalidade democrática, o respecto á realidade plurinacional que conforma o estado español e a igualdade básica de todas as persoas, configuran esa aspiración dunha república federal solidaria de orientación socialista. Unha República que sexa o resultado dun novo e realmente democrático proceso constituínte, é dicir o resultado do exercicio de autodeterminación da cidadanía e os pobos, compostos ambos os suxeitos maioritariamente pola clase traballadora.

- Terá que ter como referencia no marco europeo a realidade de que a UE é inviable para dar unha saída á desigualdade na que se instalou á clase obreira non só no estado español senón no conxunto de Europa. Trátase por tanto de expor unha táctica para romper con esta Europa do Euro e achegar posicións con outras forzas políticas e movementos sociais, tanto a nivel nacional como europeo, que persigan o mesmo obxectivo e teñan outra forma de entender a integración europea desde a horizontalidade, a complementariedade, o respecto á soberanía nacional e a solidariedade.
- Constituirase no marco dunha constitución federal que teña como eixo o dereito a un traballo non precario á repartición do traballo produtivo e reprodutivo e recoñeza o traballo garantido como principio reitor do noso modelo socio-económico. Dentro deste eixo inclúese o traballo de construción dun novo modelo de desenvolvemento, de planificación democrática e de recuperación de sectores estratéxicos. Este punto permite recuperar presenza dentro do movemento obreiro, do movemento feminista, de movementos sociais ligados á defensa do público como as mareas e gañar presenza en sectores técnicos, de profesionais, académicos e científicos, no mesmo sentido cobra importancia o traballo nos colectivos sociais de solidariedade popular.
- A reivindicación do municipalismo como elemento central de organización do Estado e de asunción da democracia participativa. Os 315 concellos de Galicia teñen que ser o centro e non algo subsidiario dun entramado autonómico que afoega o municipalismo.
- Que constrúa unha sociedade feminista, que erradique o heteropatriarcado, libre de terrorismo machista e de desigualdade laboral, económica e social. Unha sociedade na que os coidados sexan garantidos polo estado.
- A reivindicación dun III República federal, laica, participativa e solidaria. , a recuperación da memoria democrática e o final da impunidade dos crimes franquistas e a plena recuperación da memoria democrática, republicana, antifascista e das loitas sociais.



Neste sentido, a formulación de Revolución Democrática que expón o Partido Comunista de Galicia necesita ter un Modelo de Estado Republicano e Federal que a sustente para dar resposta a unha serie de cuestións que podemos concretar en:

- A necesidade de superar as fracturas sociais que existen provocadas polas desigualdades que xeral o sistema capitalista.
- O reto de atopar unha acomodación da realidade nacional galega e do resto de nacións do estado Español ao marco institucional.
- Un mellor reaxuste da repartición do poder entre as distintas administracións do Estado.
- Un modelo xusto e equilibrado de financiamento e política fiscal co obxectivo de fixar un modelo estable, duradeiro e viable tanto para o Estado federal como Galicia cunha realidade demográfica e territorial diferente ao conxunto do estado.
- Servir ao conxunto da maioría social para construír unha saída social e alternativa da crise.

Trátase de crear un novo marco constitucional, onde todas as partes do Estado contemporáneo, desde a propia Xefatura do Estado, sexan reformuladas desde unha óptica avanzada sustentada nunha Democracia Participativa; Un novo Poder Xudicial, un novo Senado, un novo papel para o mundo local, unha economía ao servizo do ser humano, etc. Un novo modelo de estado para recuperar a xustiza social e a democracia..

Esta proposta que presentamos responde integralmente a un modelo de Galicia posible, ao servizo do interese xeral e que devolve a soberanía aos verdadeiros protagonistas da nosa democracia, para iso situamos dous eixos que van inseparablemente unidos.

## **BLOQUE III: INSTRUMENTOS**

### **TESE 7. COMO ORGANIZAR AO PCG FRENTE AOS RETOS ACTUAIS**

#### **7.1 CONSTRUIR PARTIDO, UNHA NECESIDADE HISTÓRICA**

A tarefa central que debe guiar o traballo do PCG tras o presente congreso é mellorar de xeito consecuente a súa capacidade de influencia e resposta ante os retos que suscita a loita de clases. Un traballo estratéxico de estruturación e dinamización da actividade partidaria a todos os niveis. A necesidade dun salto adiante para situar ao PCG á altura das crecentes necesidades de organización e loita que o ciclo de mobilización demanda.

Erguer un Partido organizado para o despregue en Galicia da estratexia de ruptura democrática sobre a base da construción do poder popular e a reconstrución da



conciencia de clase. Un Partido orientado ao conflito, que asume a Unidade Popular como ferramenta táctica para a construción dun bloque popular de carácter antioligárquico como expresión unitaria das diferentes loitas e capas sociais.

Partimos dunha realidade complexa. Un Partido altamente vulnerable. Con dificultades para consolidar estruturas e aumentar o seu radio de influencia. Cunha implantación territorial e vida orgánica minguada. Incapaz de incorporar novos caudais militantes e de efectuar un crecemento planificado. Con febles ligazóns cos principais espazos de organización social, pese a contar con cadros destacados no movemento popular, nomeadamente no ámbito obreiro e sindical.

Unha ferramenta partidaria empequeneada, lastrada por inercias e limitacións autoimpostas. Eivas, en primeiro orde, de orientación e condución estratéxica, erixíndose o plano electoral-institucional como o único ámbito material para o traballo político organizado, sexa este dentro ou fóra dos espazos formais do PCG. Un problema de prioridades, máis tamén de cultura e concepción de partido.

Avanzar na senda da política de reconstrución do PCE pasa por recuperar e valorizar o que foi o seu principal capital político e organizativo, o sentido da militancia comunista, hoxe desdebuxada e en demasiados casos recluída en rituais e traballo interiorizado. Un Partido que se afirmará como tal na medida na que os seus membros o recoñezan como un espazo sobre o que sustentar a súa acción práctica diaria.

A creación de poder popular realízase participando e orientando á clase traballadora no conflito. Facendo de cada militante un organizador e axitador social. Abrindo espazos para a participación, o debate, a intervención política organizada. Un estilo de militancia que funde a actividade político-partidaria co propio movemento das masas. Que dende o estreitamento da ligazón coa clase despreza as máximas potencialidades de cada militante elevándoo a cadro.

Noción de militancia que elude a abstracción, que se fundamenta na necesidade de establecemento de obxectivos sobre o concreto, da identificación de instrumentos, da definición de funcións, do reparto e asignación de tarefas.

A recuperación dun método de traballo que poña á militancia como motor de todo o traballo colectivo é así o noso maior desafío.

Toca pois construír, expandir, reforzar o marco partidario nunha tripla dimensión: política, organizativa e ideolóxica. Iniciar un camiño que coloque ao Partido en condicións de ofrecer respostas ante a multiplicidade de contradicións sobre as condicións de vida e traballo que xera o capitalismo. Elevar propostas, crear discurso, lanzar iniciativas de loita, sexan propias ou dende as organizacións de masas referenciais, como xeito naturalizado e preferente de “facer política”.



Un novo ciclo que esixe un Partido Comunista con identidade política e ideolóxica nítida e identificable. Que se reivindicue o interno e o externo como unha realidade política viva, próxima, palpable, recoñecible nos ámbitos de vida social das e dos traballadores (centros de traballo, barrios, etc.). Unha identidade que se fundamenta nun programa, nunha política, na natureza de clase que forxa a súa condición de ferramenta revolucionaria, singular e diferenciada do resto de axentes e espazos cos que interactúa e/ou impulsa no campo popular.

Horizonte de profunda raíz política, polo que supón de viraxe colocar no centro a loita pola construción do poder popular e a reconstrución da conciencia de clase, pero que esixe tamén importantes mudanzas nas nosas formas de funcionamento, procedementos e rutinas interiorizadas. A edificación dunha nova cultura organizativa que deberá de tomar forma no leninismo como base teórica e fundamento de modelo de partido.

Un estilo de traballo cimentado en torno a certos principios que, pese a estar formalmente incorporados, precisan un pulo no seu desenvolvemento, asimilación e integración en todo o Partido.

Reconstrución organizativa que se dará dialecticamente unida co grao de desenvolvemento político do Partido:

Afinando nos métodos colectivos de toma de decisión e execución política. No principio de dirección colectiva sobre a base de equipos de traballo con maior cohesión e referencialidade político-ideolóxica. Incrementando o contido e preparación política dos debates (tempos superiores, plasmación documental das propostas, etc.). Reforzando a función de dirección baixo a premisa dos comités como órganos para a definición de liña e non simples coordinadoras de estruturas e militantes.

Perfeccionando os mecanismos de comunicación interna e a socialización de información á militancia. A transparencia e a fluidez na transmisión de acordos resulta indispensable para o engraxe da organización.

Afondando na planificación integral da acción política, establecendo e xeneralizando a elaboración e discusión de plans anuais en materia estratéxica que harmonicen o traballo de todos os organismos do Partido, que sinalen as prioridades de intervención sobre as que mobilizar o conxunto de recursos políticos e materiais e calendarizar os ritmos de traballo. Planificación que debe ser igualmente aplicada no que respecta á distribución de tarefas ordinarias e ao ámbito económico-financeiro.

Estendendo e ampliando os mecanismos de rendición de contas como expresión da democracia interna e efecto do traballo planificado. Neste sentido acertar na análise dependerá en grande medida da capacidade de valorar e avaliar sistematizadamente as nosas propias actuacións, da detención de erros e melloras, tanto no que se infire da responsabilidade individual como colectiva.



Incrementando o seguimento e control sobre a execución de acordos e desenvolvemento da liña política. Unha labor de acompañamento e orientación política dende o concreto. Na mellora da condución efectiva exercida polos diferentes comités, axilizando e regularizando a produción de directrices e solucións tácticas aos problemas de conxuntura que se susciten.

Fortalecendo e solidificando a cohesión e unidade do Partido. A edificación dunha organización cunha soa política que irradia e se expande a través do traballo de masas e a loita político-cultural.

En suma, trátase de fortalecer, das organizacións de base ás estruturas nacionais, a concepción unitaria e colectiva do Partido á par que se estimula e diversifica a actividade xeral da organización. Un percorrido longo, de adaptación e aprendizaxe interno, que debe de cristalizar a partir deste congreso.

## **7. 2 AVANZAR NUN PARTIDO AUTÓNOMO E SOBERANO**

Avanzar nos aspectos anteriormente referidos conducirá de xeito natural a un PCG con plenas competencias. Se na I Fase do XX Congreso do PCE aprobamos a recuperación das competencias en materia electoral e institucional cedidas a IU, pechando así no plano xurídico-formal as condicións dun Partido en plenitude de funcións, agora toca afrontar de xeito planificado e estratéxico este proceso.

Neste sentido compre superar as contradicións que a actual configuración da EU-partido político representa para o despregue deste proceso. Unha EU construída ao longo dos anos en detrimento da organización do PCG. Asumindo a fronte unitaria funcións de dirección política que deberían de corresponder ao Partido. Co sostemento dunha dobre estrutura partidaria que limita a capacidade da nosa militancia para intervir no conflito e na loita de clases.

Polo tanto, a posibilidade de recuperación organizativa do PCG debe ir acompañada tanto dun cambio na estratexia política e nos métodos de funcionamento, como polo desmonte das estruturas e a praxe de partido político que aínda coexisten en EU. Un Partido forte e organizado como principal garantía da execución das tarefas estratéxicas que nos marcamos, tamén en relación á construción do Bloque Social e Político e á intervención electoral. Horizonte que asumimos, non obstante, dende o recoñecemento da ligazón e corresponsabilidade estratéxica co espazo unitario que fomos quen de construír.

Algo que progresará na medida en que transitemos cara un PCG con incidencia directa na vida política, social e cultural de Galicia. A convertelo nun partido en disposición de exercer todas as facultades que o constitúen como organismo autónomo e soberano. No que o electoral se sitúa como un plano máis e subordinado dentro do conxunto de esferas nas que se proxecta a acción política das e dos comunistas.



### **7.3 SEMENTAR UN PARTIDO DE COMBATE. O NOSO TRABALLO EN FRONTES DE LOITA**

Entendemos por fronte de loita cada un dos ámbitos sectoriais, tanto no espazo da produción como da reprodución da forza de traballo; nos que a clase traballadora e sectores populares interaccionan, organizanse e desenvolven a loita polos seus dereitos inmediatos. Espazos sociais e culturais cara onde a nosa organización dirixe a súa intervención política e social.

Traballamos nas fronteas para o seu fortalecemento, tendo en conta o seu potencial revolucionario, para aumentar a súa capacidade de loita e ampliar a integración de sectores populares. Actuación dirixida a facilitar o empoderamento do pobo traballador mediante a construción e extensión de estruturas do poder popular. Do mesmo modo, o traballo nas fronteas serve á organización política como escola permanente de formación de cadros, para incorporar propostas ao programa político e para validar as nosas análises e liñas de traballo.

Pola importancia que outorgamos ao ámbito laboral no marco do traballo de reconstrución da conciencia de clase e o potencial agregador que representan as estruturas sindicais, entendemos ao movemento obreiro como un elemento central da nosa política de masas. Cuestión que non exime a necesidade de incidir nas restantes fronteas de loita existentes ou potenciais, con especial atención aos espazos de defensa fronte a opresión do sistema patriarcal e as novas formas de solidariedade e organización dos afectados pola crise (redes de apoio mutuo, movemento pola vivenda, etc).

Co fin de impulsar estas tarefas o PCG integra a perspectiva sectorial como un dos eixos que marcan a súa construción organizativa. Sectorialización que se expresa ao interno en dúas vertentes; dunha banda, na asunción da intervención no conflito como enfoque que vertebra ritmos e procesos organizativos; doutra, na adopción de formas organizativas particulares orientadas á consecución de dito fin.

Se o estilo de militancia se orienta ao activismo social e sindical a organización debe de adecuar e facilitar no seu quefacer diario que isto se torne unha realidade. De nada serve enunciar que a aposta é o poder popular se logo as estruturas do Partido dedican unha ínfima parte do seu tempo a analizar e marcar tarefas concretas nestes campos, se non temos camaradas responsabilizados de coordinar e levar a política do Partido ás fronteas, se en moitos casos descoñecemos as condicións reais dos sectores sociais que pretendemos dirixir. A organización do tempo e a vida orgánica son así indivisibles da propia estratexia da organización.

O anterior debe de ter unha correlación nas estruturas orgánicas sobre as que se asenta o Partido. Na actualidade articulado en torno a un número reducido de organizacións de base que, tanto pola relativa ampla composición militante como pola extensión territorial que abranguen (de planta intercomarcal), representan un freo para a



organización da militancia en torno ao externo. Canto menos dentro das limitadas fórmulas de participación que ata o de agora foron ensaiadas.

A idea de introducir elementos de organización sectorial no Partido tampouco é novidosa. Levamos varios congresos esbozando a idea de constitución de agrupacións sectoriais máis con escasos resultados. Era, como se sinalou, unha cuestión de fondo político que tocaba previamente resolver. Este congreso apuntala nesa dirección.

O encadramento da militancia, en consecuencia, debe darse dende as propias fronteiras onde intervimos, como ámbitos sectoriais fundacionais da actividade militante. Organizándoa a partir das súas condicións sociolaborais e ámbitos preferenciais de vida social. Naquelas contornas nas que existan maiores posibilidades de influír politicamente e de articular focos conscientes de loita. En primeiro lugar, nos grandes centros de traballo e sectores, nos espazos onde se desenvolve a loita ideolóxica, nos centros de estudos e formación, nos diversos sectores da actividade administrativa, profesional, cultural e social, nos aparellos do Estado, e por suposto, tamén, nas vilas e barrios.

En calquera caso, dar pasos cara unha organización sectorializada ten que darse en correspondencia coas propias estruturas territoriais. Redibuxando as funcións e mesmo o sentido destes órganos para convertelos en espazos útiles á estratexia e modelo de partido. Pasar dunha concepción meramente "territorial", na súa significación de dirección sobre o abstracto (o territorio como imaxinario sobre o que incidir) e con fortes reminiscencias electoral-institucionais (parciais no caso do PCG); a unha concepción do territorial como marco unitario de dirección e coordinación da política en diferentes fronteiras e sectores (evidentemente sobre un ámbito territorial concreto). Ou o que é o mesmo, como estruturas que dotan de sentido e cohesionan diferentes planos parciais da liña política nun programa de loita unificado.

A materialización desta aposta político-organizativa ten que plasmarse na apertura de espazos internos que agrupen aos cadros máis destacados das diferentes fronteiras. Partindo dunha necesaria flexibilidade e creatividade en torno á forma orgánica e nominal que inicialmente poidan ter (comisións, secretarías colectivas, encontros, etc.), irán consolidando ámbitos estábeis de coordinación, debate e planificación da política de fronte; á vez que activando e implicando a sectores da militancia que hoxe carecen dunha referencia orgánica para a participación (ou esta é moi débil). Espazos que deberán ter un nivel de desenvolvemento diferente en tanto que a morfoloxía das fronteiras é diversa (ex. complexidade orgánica do ámbito sindical-laboral) e a implantación do PCG desigual.

Se importante é o deseño da nosa estrutura, non o é menos a propia selección e estruturación dos cadros responsabilizados da súa condución. No relativo á súa composición, favorecendo a promoción ás direccións de militantes de dilatada traxectoria na intervención social e sindical, o coñecido como "cadros activistas". En todo caso a propia extensión dunha política cara o externo, en canto ten unha cara de proselitismo, posibilitará a entrada no Partido das e dos cadros máis significados destes





movimentos. Isto é, abre a porta a unha política de afiliación planificada (tamén no que respecta a súa extracción de clase).

A configuración das direccións e responsabilidades tamén é un aspecto a analizar. A existencia de responsables con atribucións en materia de coordinación de fronteas garantirá a integración e coherencia na aplicación da estratexia a nivel de base e nacional. Ademais da designación de camaradas por fronte ou espazo unitario concreto, independentemente da súa adscrición ou non aos espazos executivos do PCG. Semella que unha estrutura erguida en torno a departamentos ou áreas de traballo podería resultar máis funcional e operativa para os retos existentes.

#### **7.4 CAMIÑANDO CARA A SEGUNDA FASE DO XX CONGRESO DO PCE E A CONFERENCIA DE ORGANIZACIÓN E FINANZAS**

O recollido na presente tese non deixa de ser un esbozo de liñas político-organizativas que deberán de ser desenvolvidas e concretizadas no ciclo que se abre. Avaliadas e revisadas no seu propio contraste coa realidade social, que marcará os avances, retrocesos, e toda reconfiguración precisa ata elevar ao PCG ao papel de vangarda.

Transformación organizativa que deberá producirse en coherencia co modelo xeral que sexa establecido para o conxunto do PCE. Non hai que esquecer que en paralelo a este congreso se desenvolverá a II Fase do XX Congreso no que a política e modelo organizativos son elementos significativos, senón centrais do debate.

En pos da máxima cohesión e unidade organizativa este XIV Congreso do PCG mandata á celebración dunha Conferencia de Organización e Finanzas tras o peche do proceso congresual federal no prazo estatutariamente definido.

#### **TESE 8. O PCG E A XUVENTUDE COMUNISTA**

A Xuventude Comunista é a organización xuvenil do PCG, independente no organizativo, que aplica de forma autónoma cara aos/as novos o programa e a política do PCG, en cuxa elaboración participa e con cuxos acordos se cohesiona. Así mesmo aplicará, de maneira igualmente autónoma, a política das organizacións do PCG aprobadas en función das súas competencias, sen que isto supoña menoscabo da súa unidade de acción.

A XC ten como finalidade orientar e organizar á mocidade traballadora e estudantil con afáns progresistas, revolucionarios e democráticos, así como ser unha escola de formación de futuros cadros para o Partido. O PCG debe abordar coa XC a problemática da mocidade obreira e estudantil traballando conxuntamente para desenvolver a súa estratexia de construción do Movemento Xuvenil Combativo.



O Partido ten que mellorar a comunicación e coordinación coa Xuventude Comunista a todos os niveis: dende o nacional ata o máis local e concreto. O traballo conxunto amosou en moitas ocasións a gran capacidade creadora que temos como colectivo. Como estruturas que interveñen en suxeitos políticos diferentes, é necesario abordar o traballo de forma conxunta e dende o respecto á autonomía política, entendendo cales son os espazos prioritarios para cada axente. A día de hoxe existen espazos de traballo onde tanto o Partido como a Xuventude desenvolvemos traballo, e é necesario mellorar a nosa coordinación e traballar estratexias e tácticas comúns que reforcen as análises e as posicións de cada unha. Exemplos disto poden ser o traballo na Plataforma Feminista, en Comisións Obreiras ou nas Marchas da Dignidade.

Ademais, a diferente presenza xeográfica pon de manifesto a necesidade de apoio na creación e desenvolvemento de estruturas alá onde non existe ou é débil. O apoio debe ser unha constante, así como buscar sinerxias no traballo. Deberanse trazar conxuntamente as prioridades de extensión de cada estrutura para poder levar a cabo esta cuestión de forma planificada.

A necesidade de cadros é unha realidade palpable en moitos recunchos do país, polo que cómpre abordar a política de promoción de cadros da Xuventude ao Partido de forma seria e planificada por parte das dúas organizacións. Así, establecerase un protocolo de xestión de promocións, que será traballado polas áreas internas e as secretarías políticas conxuntamente en xuntanzas semestrais. Nestes xuntanzas abordaranse tanto as liñas máis grosas como as casuísticas máis concretas. Poderán realizarse de forma máis periódica no caso de analizarse como necesario.

Dende os últimos congresos vimos traballando en base a un protocolo entre a Xuventude e o Partido. Neste novo ciclo político debemos dar un salto cualitativo para pasar dun protocolo económico-financeiro a un cun carácter marcadamente organizativo-político, buscando novos puntos de acordo integrando todas as cuestións concretas aquí plantexadas: a promoción de cadros, o traballo externo conxunto, a partida orzamentaria, a extensión organizativa, etc. Ademais é necesario actualizalo con certa periodicidade para garantir a súa vixencia e que sexa acorde ás necesidades políticas do momento.

## **TESE 9: ESQUERDA UNIDA E POLÍTICA DE ALIANZAS**

O PCG non ten unha política de alianzas ou de modelo de construción da unidade popular diferente á que formula Esquerda Unida. E non o ten porque en Galicia a proposta política de EU é produto da reflexión política e da praxe dos militantes comunistas. O PCG definiamos como acertada, no noso anterior congreso, a orientación da política de alianzas como un traballo decidido a prol da unidade; con dificultades e con disparidade de axentes pero que pasaba tamén por artellar un proceso de refundación en Esquerda Unida, iniciado de xeito morno xa en 2009, para



profundizar no achegamento das diversas expresións da contestación social ao bipartidismo e o seu modelo de saída á crise.

Non foi fácil o camiño, nin son fáciles os retos presentes e futuros do proceso. Certo que tivo resultados electorais e de visibilización social importantes; pero xeraron un desconcerto en parte da militancia comunista que temos que ollar con preocupación.

Desde a nosa responsabilidade temos que ser conscientes de que nos atopamos en momentos complicados para o conxunto da esquerda; pechada a chamada “xanela de oportunidade” de gañar electoralmente o poder, o suposto refluxo da mobilización social que ven a substituílo non arrinca, a pesar de que aínda non está pechado o feito de que a saída da crise farase á conta da maioría social traballadora e en beneficio da oligarquía.

O PCG comprometémonos a contribuír a iso desde as nosas propias elaboracións e no marco dunha Esquerda Unida que, agora máis que nunca, ten a responsabilidade de ser un axente activo no desenvolvemento dunha unidade popular que fuxa do debate eterno do interno, da institucionalización e do posibilismo electoral.

Polo tanto, é o momento de construír Unidade Popular no seu concepto máis amplo, a que, xunto á cara electoral, fortaleza a social. Debemos entender por Unidade Popular, no plano político, a que se dá ante todo na rúa, nas mobilizacións, nos centros de traballo ou de estudo, nos conflitos laborais, nas loitas contra o patriarcado e pola igualdade da muller, polo público, contra os desafiuzamentos, contra o TTIP, etc. e que ao mesmo tempo debe ter unha expresión electoral, que a dote de contido transformador e respaldo popular consciente e combativo, sendo conscientes de que a unidade electoral non é unha consecuencia obrigada das mobilizacións, senón unha construción consciente que parte da necesidade de tomar democraticamente o Goberno do Estado para facer posible o programa que dá soporte ás mobilizacións. Unha Unidade Popular transversal a todas as forzas políticas, sociais e sindicais.

É importante ser conscientes de que os gobernos alternativos de cidades como Coruña, Ferrol, Santiago, Barcelona ou Madrid, se non consolidan un importante apoio popular, terán moi difícil dar resposta ás ilusións que xeraron, o que podería provocar unha frustración que abra a porta á dereita máis extrema ou ao propio fascismo nas seguintes eleccións municipais de 2019.

E ese contexto sería terrible para os dereitos á vivenda, ao traballo, á sanidade universal e gratuíta e á educación que definitivamente desaparecerían como tales e administraríanse de xeito bárbaro en base á súa rendibilidade económica esquecendo calquera fin social. Os servizos públicos definitivamente serían transformados en oportunidades de negocios co obxectivo de liberalizar todo o posible.

Por iso, fronte a esta realidade, neste momento, é prioritario redefinir unha alternativa programática, social e electoral o máis ampla e unitaria posible, unha alternativa que



confronte e derrote social e politicamente o intento de recomposición do sistema. Unha alternativa democrática, federal, social, feminista, ecoloxista, con ampla base popular que gañe a batalla político-ideolóxica ao plan antidemocrático, centralista, reaccionario e patriarcal do novo réxime, isto significa neste momento construír Unidade Popular.

As nosas referencias para este debate, discutidas e aprobadas por ampla maioría, céntranse nunha saída social, anticapitalista, democrática e antipatriarcal da crise, sendo o instrumento unha política de alianzas (políticas e sociais), que se plasmen en espazos unitarios que permitan avanzar na configuración dun Bloque Social e Político de carácter alternativo que desenvolva a saída social á crise desde unha proposta constituínte e desde os perfís propios dunha forza rupturista, é dicir, construír Unidade Popular no seu sentido máis amplo.

Á vista dos erros estratéxicos e tácticos cometidos polo noso Partido no pasado recente, cabe advertir que o proceso de acumulación de forzas non se construír na elaboración de candidaturas electorais ou encontros sociais artificiais, nin se acadará a ruptura por unha simple maioría aritmética en Concellos e Parlamento.

O poder popular constrúese na loita e no conflito, xa que este é o espazo no que amplos sectores da clase traballadora e o pobo adquiren conciencia de clase. Superar un modelo de traballo case exclusivamente orientado ás eleccións, resulta vital na tarefa da construción da unidade popular, pois será na mobilización onde os comunistas poderemos construír alianzas orientadas a derrotar ao réxime.

Para poder construír xunto cos nosos aliados a unidade popular desde a mobilización e o traballo político, os comunistas temos que recuperar a nosa soberanía, e ser interlocutores directos coas nosas propostas no seo do conflito.

En función destes obxectivos propomos que desde Esquerda Unida se siga a traballar para a construción de unidade popular no sentido antes sinalado, xa que só a unidade das forzas que están por unha saída social da crise no marco dun proceso constituínte de ruptura democrática, en espazos sociais e políticos de ampla base popular poderá derrotar ás políticas de dereitas que puxo en marcha no noso país a elite económica e política.

Á vez, o Partido debe implicarse de forma activa na elaboración dese programa común que dunha forma breve pero clara, presente o discurso que sexa capaz de ilusionar á maioría social traballadora que sofre as consecuencias da crise e das políticas autoritarias e patriarcais do Partido Popular co obxectivo de gañar as próximas eleccións municipais e xerais. Somos conscientes dos erros dos procesos actuais e da necesidade de repensar moitos espazos.

Estamos a xogarnos a nova orde económica, social e institucional na que vivirán as próximas xeracións e non podemos permitir que o neoliberalismo se aponte e se



consolide por décadas no noso país, menos aínda se está en man das esquerdas impedilo.

Polo tanto trátase de que a militancia do PCG traballe desde a base para consolidar estes espazos de unidade. Desde o local ata darlle un sentido global, ninguén debe tratar de apropiarse destes espazos en uso partidista, e menos que ninguén nós, por máis que a prensa trate de asimilar estas candidaturas a unha determinada marca electoral, a realidade é moi diferente e se somos capaces de que se consoliden como referentes verase como a súa pluralidade e a súa riqueza se imporán sobre calquera intento de dominación partidista.

O PCG aposta por unha Esquerda Unida ligada a un proceso de reactivación da loita social, conseguir que a política antisocial e autoritaria do Goberno teña unha resposta na rúa, que o sistema non consiga impor unha paz social. Para iso temos que envorcar á nosa militancia na organización das mobilizacións sociais e sindicais convocadas para este ano. Neste aspecto as Marchas da Dignidade adquiren unha importancia central. De forma concreta, en cada ámbito da nosa organización débese discutir como acometer con éxito as mobilizacións previstas nas convocatorias das Marchas. Non podemos esperar a que tal ou cal sindicato ou colectivo nos convoque, debemos tomar a iniciativa e en cada localidade, centro de estudos ou traballo organizar reunións para discutir como facemos desta mobilización de outono unha acción de loita social contra o actual estado de cousas que condena á maioría a sufrir as consecuencias da crise.

A segunda conclusión que debemos extraer é que debemos situarnos á ofensiva na política de converxencia, que debe tomar o sentido de construción de Unidade Popular, para iso é fundamental que o PCG e Esquerda Unida sexan percibidos como un instrumento útil para conseguir unha transformación social da realidade desde a esquerda, que marque un claro perfil político e programático, e facelo desde o fortalecemento da organización, desde o noso discurso político, desde o colectivo, en función desa política de converxencia que acumule forzas. Repetimos que o noso partido ten unha tarefa esencial á hora de realizar propostas para o programa común que de solidez á unidade.

Non nos vale nestes momentos o repregamento nunha enquistada posición defensiva da organización ante os ataques do exterior e do interior, senón ao contrario debemos asumir a dificultade da situación, a falta de certezas e pasar á ofensiva. De como organicemos esta ofensiva, dependerá non só o noso futuro como organización, senón o propio sentido do proceso de confrontación social e electoral ao que nos vemos abocados nos próximos meses, neste momento histórico non cabe quedar paralizado polo medo a mesturarse con quen ten visións diferentes do cambio social. A audacia e a fortaleza da nosa organización, para pasar á ofensiva sen aventurismos, son a clave do éxito.